Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 17 de setembro de 2024

(Mixta: 4POC + 2PNC)

[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **17 de setembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Patricia García González (P)
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas (P)
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias (BNG)
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
Pablo Javier Prieto Perille
Don Manuel Santos Costa
Gonzalo Trenor López
(en substitución de Raúl Santamaría González)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M)
.....
Comparecentes:
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Presidente de Portos de Galicia
Directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Previamente, a presidenta comunica unha alteración na orde de tramitación das iniciativas que figuran non punto primeiro e propón -de conformidade co establecido no artigo 159.1 do Regulamento da Cámara- o debate acumulado das iniciativas que figuran como 1.1 (doc. 8001) e 1.4 (doc. 9196); non se manifestan obxeccións ao respecto, polo que se entende aceptada por asentimento a precitada alteración.

Xa que logo, éntrase no desenvolvemento do punto primeiro e pásase ao debate conxunto das seguintes iniciativas:

Punto 1. Preguntas

1.1 8001 (12/POC-001438)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 6 máis
Sobre a valoración do exercicio que fai a Xunta de Galicia das súas competencias exclusivas en materia de marisqueo ante a situación actual do sector e a política que prevé poñer en marcha a curto e a longo prazo para a súa mellora
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024

1.4 9196 (12/POC-001602)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre o estado de execución do Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 e os estudos que está a realizar a Consellería do Mar sobre a evolución da produción marisqueira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra, en primeiro lugar, á señora Pérez Fernández (BNG), seguida da intervención do señor Abalde Alonso (S); ambos intervenientes expoñen as súas argumentacións coa formulación das cuestións concretas que figuran nas súas respectivas iniciativas sobre o Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo en Galicia.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.

Consumen as súas respectivas roldas de réplica: a señora Pérez Fernández (BNG) e o señor Abalde Alonso (S); ambos intervenientes expoñen diversas consideracións a

respecto da información recibida e insisten no tema obxecto de debate con novas consideracións, ás que lle contesta nunha nova intervención a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña, e con cuxa intervención se pecha o debate das iniciativas.

A Presidencia agradécelle á señora Villaverde Acuña, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpaa de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 8010 (12/POC-001448)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Pérez Fernández Rosana
Sobre as melloras que prevé levar a cabo a Xunta de galicia nos espazos portuarios de Foz e a materialización dos acordos parlamentarios e do Concello respecto da adecuación do porto de Tupide en materia de seguridade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 28.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao señor Castro García (BNG), quen amosa os motivos nos que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre a mellora do pavimento no entorno portuario do concello de Foz.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o presidente do ente público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal.

Na rolda de réplica o señor Castro García (BNG), agradece a información recibida e expón diversas consideracións en base a ela con novas cuestións formuladas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do presidente de Portos de Galicia(Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal, quen contestas ás cuestións formuladas.

A Presidencia agradécelle ao señor Álvarez Vidal, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

Deseguido, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 8252 (12/POC-001491)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre os datos en que se ampara o Goberno galego para reclamarlle á Secretaría Xeral de Pesca a eliminación dos TAC sobre especies accesorias nos casos en que non existen informes científicos concluíntes relativos ao estado dos recursos

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Mouzo Mas (P), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), expón os motivos nos que se basea a cuestión concreta que figura na iniciativa sobre os datos en que se ampara o Goberno galego para a eliminación dos totais admisibles de capturas (TAC) sobre especies accesorias.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández

Na rolda de réplica a señora Mouzo Mas (P) agradece a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto, á vez que salienta que non se lle deu resposta á cuestión formulada, motivo polo que se reitera na súa formulación.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández, quen dá cumprida respostas á cuestión formulada.

A Presidencia agradécelle ao señora Basanta Fernández, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 9194 (12/PNC-000912)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre as accións inmediatas e outras actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación coa situación da produción marisqueira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución polo G.P. Popular de Galicia (doc. 11328), e deseguido, concédelle a palabra ao señor Abalde Alonso (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre as actuacións que debe levar a cabo coa situación da produción marisqueira.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Hermelo Piñeiro (P), quen, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, defende a emenda de substición presentada polo seu grupo ao texto resolutivo da proposta formulada (No

PARLAMENTO DE GALICIA

decurso da súa intervención a señora Mouzo Mas (P) ocupa de novo o seu lugar na Mesa da Comisión).

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén a señora Pérez Fernández (BNG), quen, logo de expoñer as súas argumentacións verbo da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións o señor Abalde Alonso (S), logo de comentar as argumentacións expostas polas anteriores intervenientes, salienta que aceptan a emenda de substitución do G.P. Popular de Galicia, se é o caso, se aceptase unha pequena modificación que é do contido literal seguinte: engadir na segunda liña, despois de correspondentemente *"ao Parlamento das medidas implantadas"* dos axustes....

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 10023 (12/PNC-000952)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que adopte medidas ante a proliferación de información alimentaria confusa que pode inducir o consumidor a comprar produtos vexetais que simulan ser peixe
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

A Presidencia, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 11327), concédelle a palabra ao señor Fidalgo Iglesias (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso sobre a demanda que o Goberno galego debe realizar ao Goberno do estado para que adopte medidas ante o incremento de información alimentaria confusa para o consumidor.

Na rolda do grupo parlamentario emendante, intervén o señor López Font (S), quen motiva e defende a emenda de adición que presenta o seu grupo ao texto resolutivo da proposta formulada.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén a señora González Iglesias (BNG), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), deixa constancia das súas argumentacións a respecto da proposta formulada e anuncia o voto favorable do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións o señor Fidalgo Iglesias (P), logo de comentar as argumentacións das anteriores intervencións, propón unha transacción coa emenda de adicción do G.P. dos Socialistas, que espera sexa aceptada.

PARLAMENTO DE GALICIA

A seguir, a presidenta pregúntalle ao GP. dos Socialistas de Galicia se aceptan a transacción proposta polo G.P. Popular de Galicia, ao que o señor López Font (S) lle indica que non acepta.

Ao esgotarse o debate das iniciativas a Presidencia dá paso ao trámite das votacións pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1)Iniciativa **doc. 9194 (12/PNC-000912), do G.P. dos Socialistas de Galicia**, coa incorporación da emenda de substitución do G.P. Popular de Galicia, doc. 11328 e a transacción acadada; sométese a votación e resulta **aprobada** con modificacións respecto do texto orixinal, **pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Acelerar a implantación das medidas do Plan de competitividade e sustentabilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025, así como informar correspondentemente ao Parlamento das medidas implantadas e dos axustes que se realicen, en colaboración co sector marisqueiro, no enfoque inicial derivado dos datos científico-técnicos do estado dos recursos dispoñibles en cada momento.»

2)Iniciativa, **doc. 10023 (12/PNC-000952), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta **aprobado** sen modificacións **pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España:

1. Para que adoptar as medidas necesarias no desenvolvemento do Regulamento (UE)1169/2011 do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor, para evitar a información confusa na etiquetaxe de produtos de orixe vexetal baixo a denominación de peixe.

2. Para que inste a Comisión Europea para que na próxima revisión do Regulamento da Organización Común dos Mercados (OCM) no sector dos produtos da pesca e da acuicultura se inclúa unha proposta lexislativa para reservar calquera definición comercial, designación e descrición de venda de 'peixe' aos produtos pesqueiros.»

Sen mais asuntos que tratar, a Presidencia agradécelles a todos os presentes o traballo realizado e levanta a sesión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Remata a sesión ás 13:20 horas.

e pr

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.11 10:50:35 +02'00'

Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.10.11 10:11:17 +02'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión